

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS
Parque Eólico A ESPADA de 35 MW de potencia nominal	Naturgy Renovables, S.L.U.	<p>Agolada, provincia de Pontevedra</p> <p>A área que define a poligonal anterior ten unha superficie de 3.993,79 Ha.</p> <p>A totalidade da poligonal está incluída dentro dos A.D.E. de Serra de Orrea e a Serra do Farelo. Os aeroxeradores unicamente sitúanse no A.D.E Serra de Orrea.</p>	<p>7 aeroxeradores tripala de 150 m de diámetro e de 5.000 kW de potencia nominal unitaria e 125 metros de altura de buxeiro.</p> <p>A subestación ocupará unha superficie de aproximadamente 75x75 m² na que se situará o parque de intemperie, o edificio de control, os viais e zonas de acceso e estacionamento, así como espazo libre suficiente para posibilitar a ampliación cunha nova posición de transformación para a súa cesión á compañía distribuidora da zona.</p> <p>Cada aeroxerador xera enerxía a 690 V, que se eleva a 30 kV no transformador de 5.500 kVA de potencia aparente que hai aloxado no interior da góndola. Os aeroxeradores conectaranse entre así a través dos correspondentes condutores enterrados e</p>	<p>A entorna de afección é, por definición legal, TODA A POLIGONAL DO PARQUE.</p> <p>Así o establece a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.</p> <p><i>Artigo 2. Definicións. Para os efectos de interpretación da presente lei teranse en conta as seguintes definicións:</i></p> <p><i>6. Poligonal de delimitación dun parque eólico: área efectivamente afectada pola instalación dun parque eólico determinada no seu proxecto de execución</i></p> <p>A mercantil promotora obvia os impactos e afeccións sobre da totalidade da poligonal do parque.</p> <p>Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUIFEROS: As instalacións eólicas sitúanse sobre as nascencias dos ríos que dan lugar aos vales fluviais que se estenden ao longo das serras e dos cumios.</p> <p>Afección severa aos seguintes cauces:</p> <p>Rego da Fonte das Alvarizas afectado por un vial de acceso a ES01 en Zona de Policía a 88 metros Rego de Bidueiros afectado polo aeroxerador ES02 a 162 metros Afluente del Rego de Bidueiros afectado polo aeroxerador ES02 a 166 metros Rego de Ferreiroa afectado polo aeroxerador ES02 a 340 metros Afluente del Rego de Couso afectado polo aeroxerador ES07 a 494 metros. Rego do Porto afectado polo aeroxerador ES01 a 546 metros Rego do Muíño afectado polo aeroxerador ES01 a 638 metros Rego do Espiño afectado polo ES07 a 679 metros Rego do Val afectado polo aeroxerador ES01 a 680 metros Rego de Porto Marcelín afectado polo aeroxerador ES04 a 790 metros</p> <p>O ámbito do proxecto pertence á conca do río Ulla. Doutra banda, o proxecto atópase sobre a masa de auga subterránea 014.005 "Ulla". Nesta masa de auga subterránea identificanse dous acuíferos cuaternarios de orixe aluvial, o acuífero Finisterre-Muros e Ría de Arousa.</p> <p>A mercantil promotora só menciona os cauces nun radio de 1 km aos aeroxeradores pero obvia os demais cauces, fontes e mananciais ubicados dentro da poligonal deste.</p> <p>Existen moitos outros cauces e fontes como: Rego de Couso, Muíño de Couso, Fonte das Alvarizas, rego do Porto, Porto</p>

cabinas de entrada

- saída de liña de forma que se constituirán 2 liñas de xeración en 30 kV, que serán soterradas en gabia ata a subestación do parque eólico 30/132 kV.

Os viais terán un ancho de plataforma de 6,00 m.

Marcelín, rego de Ferreiroa, Fonte das Cántaras, Regueira, río de Cobas, Fonte do Xarxe, Fonte Seca, Chousas da Fonte, río Cobos e outros innominados.

Afección severa e prexuízos irreversibles para á Rede Natura. Falla de conectividade ecolóxica e da coherencia da Rede Natura 2000:

Zona de Especial Protección de Valores Naturais (ZEPVN) e Zona de Especial Conservación (ZEC) “ Sobreirais do Arnego”, preto do aeroxerador ES04.

Zona de Especial Protección de Valores Naturais (ZEPVN) e Zona de Especial Conservación (ZEC) “Serra do Careón”, ao norte do aeroxerador ES07.

Afección severa e prexuízos irreversibles para humidaís, brañas, diversos cauces innominados e fontes:

Val e Brañas de Couso, A Regueira, Lamas...As brañas posúen destacados valores naturais, etnográficos e paisaxísticos que hai que preservar, coidando todo o sistema: humidaís, chairas de inundación, elementos etnográficos tradicionais etc., evitando discontinuidades e posibilitando que manteñan as súas características e dinámicas naturais e o funcionamento como conexións biolóxicas.

A protección deste sistema natural é indispensable para o funcionamento do metabolismo urbano e para contribuír activamente ao mantemento da súa biodiversidade, xa que os ríos constitúen auténticas canles da natureza. Estes espazos que manteñen o seu compoñente natural nunha contorna transformada polos cultivos forestais e as concentracións parcelarias, cobran un redobrado valor, tanto como testemuño dun ambiente xa perdido, como por representar excepcións na comarca. Por tanto, as actuacións deben ser moi coidadosas, xa que a súa simplificación, ademais de supoñer unha diminución da biodiversidade pola destrución física que implicaría, podería orixinar a perda da súa calidade, a desaparición das tramas reconecibles (nos camiños, no parcelario, os peches, nas árbores de bordo, nos usos e hábitats históricos etc.), e tamén a desaparición dos estreitos e íntimos vínculos cuns asentamentos de fondo raizame histórico. Por outra banda, nunha época de crise e cambio climático acelerado e seca, as brañas constitúen reservorios de auga e humidade indispensables para o mantemento da biodiversidade.

Prexuízos significativos e irreversibles para os hábitats prioritarios e de interese comunitario:

4030 Brezais secos europeos, 4020* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga, 9230 Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica, 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira, 91E0* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior, 3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo, 6230* Formacións herbosas con Nardus, 8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica, 3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition, 5110 Formacións estables xerotermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rochosas, 6430 Megaforbios

eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.

En canto ao hábitat de flora de ribeira pertencente ao código 91E0*, prevese a eliminación de pés de Salix spp. na contorna dos cauces, feito incompatible coa protección da Directiva de Hábitats ao eliminarse definitivamente e causar un prexuízo por tanto irreversible.

Afección moisevera e incompatible coa avifauna:

Circus pygargus Circus cyaneus Rhinolophus ferrumequinum Myotis myotis e outras moitas especies dada a proximidade da Rede Natura: 1 invertebrado, Macromia splendens. Catro especies dentro da categoría “En perigo”: 1 invertebrado (Margaritifera margaritifera), 1 peixe continental (Salmo salgar), e 2 aves (Gallinago gallinago e Milvus milvus). - Dezanove especies dentro da categoría “Vulnerable”: 4 invertebrados (Carabus galicianus, Deroceras hispaniensis, Coenagrion mercuriale e Gomphus simillimus simillimus), 5 peixes continentais (Anguilla anguilla, Chondrostoma duriense, Salmo trutta, Petromyzon marinus e Pseudochondrostoma duriense), 3 anfibios (Chioglossa lusitánica, Píntega píntega e Ra iberica), 2 aves (Circus pygargus e Streptopelia decaocto) e 5 especies de mamíferos (Galemys pyrenaicus, Arvicola sapidus, Myotis emarginatus, Myotis myotis e Oryctolagus cuniculus). - Sete especies dentro da categoría “Case ameazada: 1 anfíbio (Alytes obstetricans), 2 réptiles (Lacerta schreiberi e Podarcis bocagei), 1 ave (Falco subbuteo), e 3 mamíferos (Canis lupus, Rhinolophus ferrumequinum e Rhinolophus hipposideros). Segundo o catálogo galego de especies ameazadas: - 6 especies dentro da categoría “En perigo de extinción”: 3 invertebrados (Elona quimeriana, Margaritifera margaritifera e Macromia splendens), e 3 aves (Milvus milvus, Gallinago gallinago e Vanellus vanellus). - 12 especies dentro da categoría “Vulnerable”: 1 invertebrado (Oxygastra curtisii), 3 anfibios (Chioglossa lusitánica, Ra temporaria e Ra iberica), 3 aves (Scolopax rusticola, Circus cyaneus e Circus pygargus), e 5 mamíferos (Galemys pyrenaicus, Myotis emarginatus, Myotis myotis, Rhinolophus ferrumequinum e Rhinolophus hipposideros). Seguindo o estado de conservación do catálogo español de especies ameazadas, estarían presentes: - 3 especies dentro da categoría “En perigo de extinción”: 2 invertebrados (Margaritifera margaritifera e Macromia splendens), e 1 ave (Milvus milvus). - 8 especies dentro da categoría “Vulnerable”: 2 invertebrados (Elona quimeriana e Oxygastra curtisii), 1 anfíbio (Chiglossa lusitánica), 1 ave (Circus pygargus), e 4 mamíferos (Myotis emarginatus, Myotis myotis, Rhinolophus ferrumequinum e Galemys pyrenaicus)

Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood:

**Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da

flora de interese comunitario”.

Afección severa e irreversible para o bosque autóctono:

Dominado por Quercus robur e Castanea Sativa e outras especies caducifolias como Betula alba, normalmente en asociación con Quercus robur. A eliminación de exemplares destas masas ao igual que a vexetación de ribeira implica unha afección permanente e contraria á Directiva de Hábitats que obriga a mantelos nun estado de conservación favorable.

Afección severa aos núcleos de poboación. Afección irreversible para o benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permite inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas.

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así as infraestruturas eólicas prevese localizalas sobre explotacións forestais e madeiras. Estas localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares.

As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestruturas eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Afección ás familias que viven e residen nos núcleos próximos ao proxecto en relación ao impacto paisaxístico, acústico e electromagnético:

A mercantil promotora reconece impactos significativos para os núcleos de poboación afectados polo p.e. A Espada: ruidos das voaduras puntuais durante a fase de execución do parque, contaminación acústica e electromagnética durante o funcionamento, ou efecto de “sombra” das pás, alteracións dúas sinais de radio e televisión... etc. Ao que hai que engadir ou impacto paisaxístico que hai que convivir co ou resto da vida...

ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA

Couso afectado polo aeroxerador ES06 a 500 metros

Agolada afectada polo aeroxerador ES04 a 500 metros

Bidueiros afectado polo aeroxerador ES02 a 512 metros

Couso de Abaixo afectado polo aeroxerador ES07 a 555 metros

Romariz afectado polo aeroxerador ES06 a 568 metros

Buxán afectado polo ES01 a 577 metros

As Trabancas afectado polo aeroxerador ES06 a 731 metros

A Ermida afectada polo aeroxerador ES07 a 752 metros

Vilanova afectada polo aeroxerador ES07 a 2.492 metros

Trascastro afectado polo aeroxerador ES06 a 942 metros

O Penedo afectado polo aeroxerador ES07 a 2.380 metros

Sa afectado polo aeroxerador ES07 a 2.348 metros

A Vila afectada polo aeroxerador ES07 a 2.259 metros

A Casa Grande afectado polo aeroxerador ES07 a 2.538 metros

Lamas afectado polo aeroxerador ES06 a 1.355 metros

Aián afectado polo aeroxerador ES01 a 1.386 metros

O Val afectado polo aeroxerador ES06 a 1.436 metros

Cristín afectado polo aeroxerador ES07 a 1.460 metros

O Valadoiro afectado polo aeroxerador ES04 a 4.340 metros

Vilar afectado polo aeroxerador ES07 a 2.783 metros

Bouzas afectado polo aeroxerador ES04 a 1.771 metros

A Bugalleira afectado polo aeroxerador ES07 a 1.932 metros

Cacharenzo afectado polo aeroxerador ES05 a 4.236 metros

Santán afectado polo aeroxerador ES04 a 4.174 metros

Castro afectado polo aeroxerador ES04 a 3.791 metros

Carral afectado polo aeroxerador ES04 a 2.468 metros

A Vila Grande afectado polo aeroxerador ES05 a 2.863 metros

Hai que ter en conta que moitos destes núcleos están afectados tamén por outros parques eólicos como o parque eólico Monte

do Outeiro da mercantil Green Capital Development, S.L., en tramitación e o parque eólico Cima de Vila, tamén en tramitación e promovido por unha empresa do mesmo grupo empresarial.

Falla de avaliación dos impactos globais, sumativos e acumulados das seguintes infraestruturas:

- LAT C1 POR MEL 66 kV

- LAT C1 MES POR 220 Kv

- LAT C1 POR TIB 220 kV

- LAT C1 BEL MES 220 kV

- Liñas de media tensión (LMT) que dan subministración eléctrica aos núcleos de poboación e outros puntos de consumo (industrias, etc.).

Outros parques eólicos na entorna:

PES Agolada

PE Espada

PE Monte do Outeiro

PE Monte Carrio

PE Tenzas do Aire

PE Farelo

PE Alborín

PE Carballeda

PE Turubelo

PE Pescoso

PE Serra do Farelo

PE Farelo II

PE Estivada

PE Mesada

PE Suíme

PE Rodeira

PE Axóuxere

PE Monte Festeiros

PE Cunca

PE Maxal

PE Monterroso

PE Careón

PE Prado Vello

PE Monte Cabeza

Ao que hai que engadir as infraestruturas viarias, antenas,...etc.

Todo este cúmulo de infraestruturas fragmenta os hábitats e elimina a funcionalidade destes.

Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“*Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca*

da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.

• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica. O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

Prexuízos significativos para as Áreas de Especial Interese Paisaxístico:

Prodúcese unha transformación da Paisaxe non amparada legalmente: de mosaicos agrarios e forestais pásase a unha paisaxe industrial de parques eólicos e liñas de evacuación sen que a cidadanía e o público fose consultado ao respecto.

Existen unha serie de espazos identitarios para a poboación que deben ser avaliados como Montes de Couso, Iberias, Rego de Couso, Muíño de Couso, Monte das Mámoas, Val e Brañas de Couso, Fonte das Alvarizas, rego do Porto, Porto Marcelín, Serra do Farelo, rego de Ferreiroa, Fonte das Cántaras, Regueira, río de Cobas, Fonte do Xarxe, Fonte Seca, Chousas da Fonte e Fraga de Bidueiros (afectadas directamente por un aeroxerador), río Cobos, Serra de Órrea...etc.

Afección severa ás Áreas de Especial Interés Paisaxístico “Mourazos e O Monte San Xuxo” (Código “AEIP_07_16”) e “Sobreirais do Arnego” (Código AEIP_07_20).

Afección severa ao patrimonio cultural e descontextualización deste.

Grabado rupestre "Campo do xastre"

Mámoa dos muiños

				Restos do antigo mercado popular en Agolada
				Petroglifos do Monte da Rega 1
				Petroglifos do Monte da Rega 2
				Petroglifo do Campo do Xastre 3
				Petroglifo do Campo do Xastre 2
				Mámoa de Coto Coitimid 2- 2/ As Sete Mámoas
				Petroglifo do Campo do Xastre 4 ES03 223
				Mámoa do Coto Coitimid 2/ As Sete Mámoas
				Mámoa do Coto Coitimid 2- 3/ As Sete Mámoas
				Petroglifo de As mámoas de Esperante 2
				Mámoa do Coto Coitimid 2- 4/ As Sete Mámoas
				Mámoa do Campo do Xastre 1
				Mámoa do Campo do Xastre 2
				Mámoa do Coto Coitimid 2- 5/ As Sete Mámoas
				Mámoa do Coto Coitimid 2- 6/ As Sete Mámoas
				Castro de Lagares Arqueológico
				Mámoa do Cruceiro Novo/ Meniña de Xán
				Petroglifo de As mámoas de Esperante 1
				Petroglifo de Valga da Costa 1

Petroglifos de Valga da Costa 4

Mámoa do Coto Coitimid 2- 7/ As Sete Mámoas

Monte das Mámoas 2

Petroglifo de Valga da Costa 2

Mámoa de Laxide 3

Monte das Mámoas 1

Xacemento da Ermida

Mámoa de Esperante 2

Petroglifos de Pena Merenda

Casa de Gallego. Ferreiroa

Casa reitoral. As Trabancas

Petroglifo de Valga da Costa 3

Mámoa de Esperante 1

Casa de Sarandeses

Casa de Hermida Somoza.

As Trabancas

Petroglifo das Lucencias

Mámoa de Bidueiros

Mámoa do Coto Coitimid 1 2/ As Sete Mámoas

Igrexa parroquial de Ferreiroa (San Pedro)

Igrexa parroquial de As Trabancas (San Mamede)

Sartego de Ermida Arqueolóxico

Petroglifos de Pena Merenda 2

Mámoa do Coto Coitimid 1- 3/ As Sete Mámoas

Mámoa de Coto Coitimid 2- 1

Tras da Eirexa/ A Barxa/ Amoreira/ Os Nabales

As Sete Mámoas

Mámoa do Coto Coitimid 1- 4/ As Sete Mámoas

Afección severa e prexuízos irreversibles para o Camiño de Santiago – Camiño Francés:

A declaración do Camiño Francés como Ben de Interese Cultural defínese no Decreto 05/09/1962. Por outra banda, o Decreto 227/2011 da Consellería de Cultura e Turismo aproba a delimitación do roteiro principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés.

Patrimonio cultural inmaterial: sin avaliar.